



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA SOLUCIONAR OS PROBLEMAS DE APARCAMENTO EN CUNTIS

Ao pleno da Corporación

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende hai tempo as dificultades para estacionar na vila de Cuntis é un problema co que conviven os/as veciños/as e forasteiros/as a diario; dita problemática ocasiona , non só restar calidade de vida aos cidadáns no seu quefacer diario senón que está afogando economicamente ao comercio local, perdendo a vila un dos elementos principais a valorar á hora de consumir nunha localidade, como é a facilidade no estacionamento e a orde do seu tráfico.

Por desgraza é habitual ver , en especial no centro da vila, zonas de tránsito obstruídas, provocando incomodidade para os veciños/as e un empeoramento da convivencia cidadá. Mentres os visitantes se encontran coa peor carta de presentación que pode ofrecer unha vila termal.

Esta situación estase a converter nunha herdanza envelenada dun goberno local a outro, sen ver visos de ter uns responsables locais que fagan fronte a elementos tan trascendentais no desenrolo , tanto cívico como económico, na vida da vila.



Consideramos de vital importancia dar solución a esta problemática, non só polos feitos anteriormente mencionados, senón como exercicio de civismo e convivencia á hora de facer uso destes espazos.

POR TODO O EXPOSTO, O GRUPO MUNICIPAL VECIÑANZA SOMETE A APROBACIÓN DO PLENO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

- Que se regule debidamente o tráfico e o aparcamento e se traballe na creación de novos espazos de aparcamento, especialmente nas areas da vila que sufran maior problemática.
- Concordancia dos espazos que se habiliten coas medidas rexistradas por esta agrupación na moción "Mellora da accesibilidade nos espazos públicos", do 21 de Xaneiro de 2015.

Cuntis, 18 de xullo de 2016.

Santi Martínez López

Saleta Fernández de la Torre